

TEMA 8.3. A ARTE BARROCA EN ESPAÑA

AS OBRAS OBXECTO DE ESTUDO para a ABAU

1. *Gregorio Fernández: A Piedade.*
2. *Velázquez: O augadeiro de Sevilla.*
3. *Velázquez: A fragua de Vulcano.*
4. *Velázquez: A rendición de Breda*
5. *Velázquez: As Meninas.*

A ESCULTURA BARROCA ESPAÑOLA: GREGORIO FERNÁNDEZ

CONTEXTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

As circunstancias históricas de España determinan **características propias** na escola barroca.

- **Material: Madeira policromada.**
 - *En Italia e Francia mármore e bronce.*
- **Tema** case exclusivamente **relixioso**:
 - Retablos e imaxes de culto ao servizo da Contrarreforma para achegar ao crente ao feito relixioso coa sensibilidade, excitando a devoción.
 - O realismo da madeira policromada é adecuado, e as confrarías (Semana Santa) demandan imaxes nas procesións.
 - Aparece o Paso Procesional (1º en Castela e logo Andalucía). Polo desexo de realidade úsanse elementos reais: teas, pelo, bágoas de cola...; chégase ás imaxes “de vestir”: se talla cabeza, mans e pés.
 - *En Italia e Francia temática mitolóxica e alegórica.*

- **ETAPAS:**

- 1ª etapa (primeira metade s. XVII) a escultura española permanece o marxe da evolución noutros países (dinamismo, movemento, dramatismo, teatralidade).
 - Segue tradición propia do s. XVI (Juan de Juni), avanza ao realismo naturalista.
- 2ª etapa (fins do s. XVII e s. XVIII): incorporación novidades de Bernini.

- **ESCOLAS:**

- No s. XVII hai 2 escolas de imaxineros:
 - A CASTELÁ: Valladolid (Gregorio Fernández) e Madrid.
 - Predomina o patético, o sufrimento nas figuras das Dolorosas ou os Cristos atados á columna (Ecce Homo) de anatomías torturadas e sangue.
 - A ANDALUZA: Sevilla (Juan Martínez Montañés) e Granada (Alonso Cano).
 - Enfoque idealista, preocupación pola anatomía e non polo patético.
- No s. XVIII hai que destacar a ESCOLA LEVANTINA (Murcia - Salzillo).

1. Grupo escultórico da Piedade (con dous ladróns)

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** Grupo escultórico da piedade (con dous ladróns)
- **LOCALIZACIÓN:** Museo nacional de Escultura. Valladolid, España.
- **AUTOR:** GREGORIO FERNÁNDEZ (1576 - 1636).
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** relixiosa / paso de Semana Santa, propagandística.
A Virxe recibe o corpo morto do seu Fillo. Patetismo barroco; Contrarreforma.
- **ESTILO:** BARROCO en talla madeira. ESCOLA CASTELÁ DE IMAXINERÍA.
- **CRONOLOXÍA:** 1613-1616; 1º 1/4 s.XVII.
- **COMITENTE:** encargo da confraría de Valladolid para substituír o antigo paso.
- **DIMENSIÓNS:** 175 cm de altura.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** madeira policromada. Talla. Material tradicional en España. Inclusión de postizos (ollos de cristal, dentes, etc.) que aumenten o realismo.
- **CARACTERÍZASE:** Acompañada cos ladróns na cruz, a ambos lados da Piedade, e as figuras de San Xoán e a Madalena.
- **OUTRAS OBRAS DO BARROCO GALEGO:** *Inmaculada; Santa Teresa; Ecce Homo; etc.*

O AUTOR

Gregorio Fernández, nado en Sarria (Lugo), afincouse desde moi novo en Valladolid.

- É considerado máximo representante da ESCOLA CASTELÁ DE IMAXINERÍA.
- Creador de tipos iconográficos; os seus Cristos atados á columna, as súas Piedades, Inmaculadas ou Santa Teresa, gozaron de gran popularidade con numerosas versións do taller ou imitadores.

ANÁLISE

- **TEMA:**
 - A PIEDADE: a Virxe que recibe o corpo morto do seu fillo e eleva o brazo dereito en sinal de dor.
 - Tema relixioso.
 - O tema do sufrimento de María durante a Paixón refórzase a partir do ano 1100.
 - María sufriría unha *compassio* paralela á paixón de Cristo. María elévase á condición de corredentora.
 - CONTRASTA a angustia e soidade de María coa serenidade do corpo inerte de Xesús, ao que sostén apoiando a man esquerda fortemente.
 - Interactuar co espectador: María pide a compaixón do espectador que contempla o paso procesional en procesión. A comunicación co espectador e a teatralidade da escea son trazos BARROCOS.
 - O tratamento realista do espido indica a madurez na escultura de GF.
- **COMPOSICIÓN:**
 - Corpo de Xesús en **diagonal**: provoca asimetría no conxunto.

- Rompe o esquema piramidal clásico que impuxera Miguel Anxo na Piedade do Vaticano.
- A amplitude de roupaxes con amplos pregues duros, ríxidos (sensación amonada), acartonados, ofrecen contrastes lumínicos BARROCOS, derivados de modelos flamencos do S. XV.
- Coida a POLICROMÍA sen traballala persoalmente.

Gregorio Fernández é o mellor expoñente da escultura barroca castelá, de escola de Valladolid.

- Apréciase un estilo persoal para a EXALTACIÓN RELIXIOSA, que interpretou de xeito sinxelo, inmediato cara ao espectador.
- Busca levar a sensibilidade relixiosa ao pobo. O pobo o entende: cantidade de obras saíran do taller.
- Encaixa a súa obra coa DOUTRINA CONTRARREFORMISTA DE TRENTO e os clientes (igreja e confrarías).
 - Esixen FIGURAS que parecen vivas. Gregorio Fernández dálles un **realismo extraordinario**.
 - A veracidade non impide o **sentido MÍSTICO**: dará protagonismo a mans e cabezas, talladas con precisión en cada detalle.

A PINTURA BARROCA ESPAÑOLA: DIEGO VELÁZQUEZ

CONTEXTO ARTÍSTICO

Na PINTURA BARROCA HISPANA triunfa da TENDENCIA que privilexia o **REALISMO**, nos **aspectos dolorosos e patéticos**.

- CARACTERÍSTICAS RELEVANTES:

1. **Temática: relixiosa, ascética ou mística.**

1.1 Destacan a éxtase, mirada ao ceo, etc.

1.2 VELÁZQUEZ incorpora a paisaxe e a fábula pagá.

1.3 Son frecuentes o retrato e bodegóns.

2. **Ausencia de sensualidade:** vixilancia contra a tolerancia (diferente de Italia ou Flandres).

3. **Tenebrismo:** non é mero recurso importado de Italia. Destaca o cedo en que os nosos pintores estudan a luz.

4. Adóitase clasificar aos pintores do BARROCO pola localización xeográfica dos centros de traballo: escola valenciana, sevillana ou madrileña.

Mais é unha clasificación insuficiente por 2 motivos:

4.1 Non explica as diferenzas na mesma escola.

4.2 Non explica a evolución pictórica desde o manierismo á decadencia da arte barroca.

DIEGO RODRÍGUEZ DE SILVA E VELÁZQUEZ

Velázquez (Sevilla, 1599 - Madrid, 1660).

- Primoxénito dun FIDALGO pouco rico, de familia oriúnda de Portugal, nado en Sevilla, chamado Juan Rodríguez, e de Jerónima Velázquez, muller de avoengo de pouco patrimonio.
- Adopta o apelido da súa nai, asinando «Diego Velázquez» ou «Diego de Silva Velázquez».
- Recibiu educación esmerada en filosofía, letras e idiomas, ademais na súa paixón: a pintura. Estuda e practica a pintura na cidade natal ata os 24 anos. Trasládase a Madrid á Corte ata a súa morte en 1660.
- Tiña carácter discreto, reservado e sereno. Disciplinado e teimudo, non lle gustou a dureza do ensino do mestre pintor Herrera o Vello, con quen pasou breve tempada. Aos 12 anos inicia a súa aprendizaxe no taller do modesto pintor e excelente persoa que fora Francisco Pacheco onde permanecerá ata 1617, cando xa é pintor independente.
- Con 19 anos, casa con Juana Pacheco, filla do seu mestre e terá 2 fillas.

ETAPAS NA SÚA PINTURA

1. ETAPA SEVILLANA (1617 e 1623):
 - 1.1 Estilo tenebrista, influencia de Caravaggio.
 - 1.2 Obras: *O augadeiro de Sevilla*, *A adoración dos Magos*.
 - 1.3 Nestes primeiros anos ten éxito coa súa pintura.
2. ETAPA MADRILEÑA:
 - 2.1 En 1623 en MADRID obtén o título de Pintor do Rei Filipe IV.

- 2.2 Ascende con RETRATOS do Rei e o cadro *Os bébedos* -Baco-.
- 2.3 Contacta con Rubens en Madrid.
- 3. 1º VIAXE a ITALIA (1629 - 1631):
 - 3.1 2ª aprendizaxe. Coñece as obras de TIZIANO, TINTORETTO, MIGUEL ANXO, RAFAEL e LEONARDO.
 - 3.2 Pinta a *Fragua de Vulcano* e *A Túnica de Xosé*; regresa a Madrid 2 anos despois.
- 4. DÉCADA DOS 30:
 - 4.1 Recibe encargos como *As Lanzas*, ou retratos ecuestres e de caza.
 - 4.2 A pintura faise colorista con excelentes retratos: o de *Martínez Montañés* ou *A Dama do Abano*, obras mitolóxicas: *A Venus do Espello*; ou escenas relixiosas: o *Cristo Crucificado*.
 - 4.3 2ª viaxe a Italia (1649-1651):
 - 4.3.1 Triunfa co retrato do *Papa Inocencio X*.
- 5. Última etapa:
 - 5.1 En 1651 regresa a Madrid, con obras de arte compradas para Filipe IV.
 - 5.2 Ten obsesión de conseguir o hábito da Orde de Santiago (ennobrece-mento).
 - 5.3 Pinta pouco, destacan: *As Fiandeiras* e *As Meninas*. A famosa cruz, coa que aparece representado neste cadro, obtena en 1659, unha vez acabada a obra.
 - 5.4 Morre en Madrid o 6 de agosto de 1660 con 61 anos.

2. O augadeiro de Sevilla

<https://www.museodelprado.es/coleccion/obra-de-arte/el-aguador-de-sevilla/bde0893a-42f0-4d32-bbf7-95e5e31f5597>

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** O augadeiro de Sevilla,
- **LOCALIZACIÓN:** Londres. Wellington Museum (Apsley House), GB.
 - Regalada por Fernando VII ao xeneral Arthur Wellesley en recoñecemento a súa axuda na Guerra da Independencia.
- **AUTOR:** *DIEGO VELÁZQUEZ* (1599 - 1660).
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** Costumista; alegórica - simbólica. As tres idades do home. Pintura de xénero na que destaca o bodegón.
- **ESTILO:** *BARROCO. Etapa sevillana.*
- **CRONOLOXÍA:** 1616-1620 1º 1/4 S.XVII.
- **COMITENTE:** encargo da confraría de Valladolid para substituír o antigo paso.
- **DIMENSIÓNS:** 106 X 82 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** Obra mestra da etapa sevillana do pintor, levouno a Madrid como parte da súa presentación, o que indica a alta estima do pintor polo cadro. Destaca polos fortes contrastes de luz/sombra; reflicte a tendencia ao tenebrismo da pintura española.

- **OUTRAS OBRAS:** A vella fritindo ovos; A Fragua de Vulcano, As Lanzas, As Menina, etc.

Contexto histórico

- Velázquez (1599-1660), formado en Sevilla.
 - Casou coa filla do seu mestre, Pacheco.
 - Acadou posto de pintor de cámara de Filipe IV.
 - Viaxou a Italia despois de coñecer a Rubens.
- Coma pintor de cámara:
 - Pintar á familia real (As Meninas).
 - Tamén temas mitolóxicos.
 - Retratos de cortesáns.
- Mestre na representación da profundidade sen apoios xeométricos, a través da LUZ e COR, cos que recrea espazo e aire entre as figuras.
- Sen debuxos previos, moitas correccións.

Análise

- Velázquez pintaría o cadro entre 1616 e 1620.
 - Levouno a Madrid como parte da súa presentación, o que indica a alta estima do pintor polo cadro.
- Tres figuras masculinas de diferentes idades. O de maior idade entrega unha copa de auga a un neno.
 - Representa en 1º termo a un home de idade avanzada, un vello augadeiro que tende coa man dereita unha elegante copa de cristal a un neno.

- Entre ambos interponse máis ao fondo un mozo que bebe dunha xarra de vidro.
- Contraste idades e vestimenta (pobre a do maior). Capta calidades da vestimenta.
- Na penumbra, cabeza dun adulto bebendo.
- Vendedor de auga: gran naturalismo (enrugado).
- Personaxes interaccionan sen se mirar directamente.
 - Parecen parecen ensimesmados nos seus pensamentos.
- Movemento moi repousado.
- Perfección nos obxectos do 1º plano.
 - Axudan a reforzar profundidade da escena:
 - Mesa de madeira
 - Xerras.
- **Importancia da ILUMINACIÓN:** Tratamento de luz **tenebrista**.
 - A escena é no exterior, mais en penumbra.
 - Xogo de luces e sombras, resaltando cántaro e manga branca do ancián, fronte a outros.
 - A espiral luminosa dada polo cántaro do 1º termo, saída dun foco externo ao lenzo, matiza os volumes, degradándoos para perderse no fondo indeterminado.
- **CORES:**
 - Terrosas.
 - DEBUXO: Grande precisión.
 - Perfección no bodegón de obxectos, na auga da copa, nas marcas da elaboración das vaixelas, pingas de auga.
 - O cántaro grande, de conseguido realismo en estrutura e volume é o precursor dos bodegóns de CEZANNE e JUAN GRIS.
- **TEMA:**

- Escena costumista, augadeiro popular en Sevilla.
- Alegórico?
 - Etapas do home, nas tres idades.
 - O vello tende a copa do coñecemento ao neno, quen a recolle con gravidade polo que isto significa; o home do fondo, bebe con ansia.
 - Outros autores cren que a tea suporía a alegoría de 3 idades importantes na vida de VELÁZQUEZ: 11, 21 e 56 anos.
 - Aos 11 anos, entra no taller para aprender a pintar.
 - Aos 21 pinta a obra, xa convertido en mestre...
 - Sendo apoiado polo seu mestre Pacheco, naquel momento con 56 anos.
 - Auga coma misericordia, eucaristía, comunicación da verdade.
- Historia do cadro:
 - Dende 1623 queda en palacios ou apousentos reais. Goya gravouno en augaforte.
 - Durante a Guerra de Independencia o irmán de Napoleón, o rei José I, lévao. Na batalla de Vitoria (1813), cae nas mans do xeneral Arturo Wellesley. Fernando VII, reposto no trono de España, regaloullo.
 - Na actualidade segue no Museo Wellington, en unión doutras dúas obras adscritas a Velázquez.

3. A fragua de Vulcano

<https://www.museodelprado.es/coleccion/obra-de-arte/la-fragua-de-vulcano/84a0240d-b41a-404d-8433-6e4e2efd21ab>

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** A fragua de Vulcano.
- **LOCALIZACIÓN:** Museo do Prado, Madrid.
- **AUTOR:** *DIEGO VELÁZQUEZ* (1599 - 1660).
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** Mitolóxica, alegórica; a infidelidade; a comunicación a Vulcano do adulterio da súa esposa. Alegoría das artes nobres (Apolo), visitando e dominando ás manuais (Vulcano e os cíclopes)..
- **ESTILO:** BARROCO. 1ª estadía en Roma.
- **CRONOLOXÍA:** 1630. s. XVII.
- **COMITENTE:** faise por vontade do pintor.
- **DIMENSIÓNS:** 223X 290 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** Uso de cores cálidas nos primeiros planos e frías nos afastados. Vulgariza a mitoloxía; son traballadores da fragua. Estudio anatómico dos espidos.
- **OUTRAS OBRAS:** *A vella fritindo ovos; O augadeiro de Sevilla, As Lanzas, As Meninas*, etc.

Contexto histórico

- Velázquez (1599-1660), formado en Sevilla.
 - Casou coa filla do seu mestre, Pacheco.
 - Acadou posto de pintor de cámara de Filipe IV.
 - Viaxou a Italia despois de coñecer a Rubens.
- Coma pintor de cámara:
 - Pintar á familia real (As Meninas).
 - Tamén temas mitolóxicos.
 - Retratos de cortesáns.
- Mestre na representación da profundidade sen apoios xeométricos, a través da LUZ e COR, cos que recrea espazo e aire entre as figuras.
- Sen debuxos previos, moitas correccións.

Análise

- Advírtese influencia arte italiana (elaborada na primeira viaxe do pintor):
 - Corrente colorista e dinámica: viva tonalidade.
 - Coñeceu Venecia e Roma (Escola de Atenas e Capela Sistina. Tamén Tintoretto e Ribera, con quen entra en contacto.
- Puido rematala en paralelo á *Túnica de Xosé*.
 - Parecido temático: revelación sorprendente.
 - Velázquez gardou as dúas obras xuntas.
- **Tema:**
 - Extraído das *Metamorfoses* de Ovidio.
 - Espazo: obradoiro dun ferreiro.

- Apolo visita a Vulcano para o informar da infidelidade de Venus con Marte.
- Ferreiros: ciclopes.
- Vulcano está a forxar (posiblemente as armas do propio Marte).
- Inspirouse nun gravado de *Tempestá* que representa o mesmo tema.
- Tema mitolóxico:
 - Moi representado no s. XVII, sobre todo no desenlace, cando son sorprendidos e Vulcano os pecha cunha rede de aceiro.
- Momento de coñecer a noticia.
- Única personaxe que podemos ver o rostro completamente é Vulcano:
 - Asombro (emoción que se transloce no resto do cadro).
 - Interrompidos no medio do traballo.
- Visión naturalista.
 - Vida cotiá do s. XVII.
 - Personaxes reais, nada de ciclopes de 1 ollo.
 - Forxa e ferramentas, de xeito realista: engra, tenazas, martelos, lume, armadura.
 - Excepción: Apolo.
 - Á esquerda, detrás de Apolo, vese unha pequena imaxe.
- **Técnica:**
 - CORES:
 - Gama máis fría que en obras anteriores.
 - Maior riqueza en Apolo:
 - Verde no loureiro, mostaza no manto e azul nas sandalias.
 - Resto dominan os tons marróns e azul na paisaxe.
 - LUZ:
 - Abandono do claroscuro:
 - Luz baña de xeito matizado e difuminado o espazo.

- Forxa e Apolo: focos luminosos.
- Foco principal: arredor de Apolo.
- Foco secundario: aureola de Apolo e xanela.
- Foco entre os ciclopes, tapado polo martelo.
- Diferenzas:
- Pincelada máis lixeira, reforza xogo de luces e sombras.
 - Sobre todo no vermello do metal.
 - Túnica laranxa de Apolo.
- Espesura pincelada diminúe cara ao fondo, o que permite representación espacial realista.
- Perfección na anatomía das figuras (lembra a escultura).
 - Tradición clasicista: espido académico.
 - Ciclopes: diferentes posturas e torso espido.
 - Galería de personaxes e estudos anatómicos.
- COMPOSICIÓN:
 - Crea un espazo tridimensional:
 - Figuras móvense en círculo arredor da engra.
 - Figuras e obxectos superpóñense para dar sensación de profundidade.
- **SIGNIFICADO:**
 - Múltiples interpretacións.
 - Engano amoroso e consecuencias.
 - Alegoría relixiosa:
 - Superioridade traballo intelectual sobre o manual.
 - Común uso de Velázquez de temas mitolóxicos con personaxes humanizadas (Fiandeiras, Venus do Espello.).
 - Desmitificación dos mitos (coma Caravaggio nos temas relixiosos).

4. A rendición de Breda ou As Lanzas

<https://www.museodelprado.es/coleccion/obra-de-arte/las-lanzas-o-la-rendicion-de-breda/0cc7577a-51d9-44fd-b4d5-4dba8d9cb13a>

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** A rendición de Breda ou As Lanzas.
- **LOCALIZACIÓN:** Museo do Prado, Madrid.
- **AUTOR:** *DIEGO VELÁZQUEZ* (1599 - 1660).
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** Histórica; propaganda.
 - Rendición da cidade de Breda (Holanda) ante as tropas españolas o 2 de xuño de 1625 , tras nove meses de asedio . É o momento en que o gobernador da cidade, Mauricio Nassau, entrega as chaves da mesma ao xeneral xenovés que manda as tropas españolas, Ambrosio de Spínola, o 5 de xuño daquel mesmo ano.
- **ESTILO:** *BARROCO. etapa de Madrid tras a 1ª estadía en Roma.
- **CRONOLOXÍA:** 1634-1635. s. XVII.
- **COMITENTE:** faise por vontade do pintor.
- **DIMENSIONES:** 307 X 367 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** Uso de cores cálidas nos primeiros planos e frío nos afastados.

- **OUTRAS OBRAS:** A vella fritindo ovos; O augadeiro de Sevilla, A vella fritindo ovos, A fragua As Meninas, etc.

O autor

- Velázquez, 1635.
- Momento crucial, cambio na súa obra a partir da primeira viaxe a Italia.
- Destinado para o Palacio del Buen Retiro
 - Represéntanse numerosas escenas bélicas da Monarquía hispánica.
 - Enaltece os éxitos militares (ocultar época de crise),
 - Retratos da familia real.

Análise

- **TEMA:**
 - Acto de rendición da cidade de Breda tras unha batalla.
 - Cidade que se cría inexpugnable, un gran éxito para as tropas de Filipe IV (aínda que sería reconquistada definitivamente en 1639).
 - Rendición de Breda na Guerra dos Trinta Anos.
 - Xeneral Xenovés Ambrosio de Spínola, tras un longo asedio, 1625.
 - Visión moi diferente deste tema de historia
 - Nin vitoria na batalla, nin humillación dos vencidos.
 - Capitulación con respecto.
 - Non hai elementos nin mitolóxicos nin relixiosos.
 - Coñecía persoalmente a Spínola e paisaxe de Breda a través das pinturas de Pieter Snayer.
- **COMPOSICIÓN.**
 - No centro, en forma de aspa, a **chave** que entrega Xustino de Nassau

- Xesto da rendición da cidade.
- Xeneral estira o brazo e sorrío amablemente.
- Miradas levan á chave.
- Sobre fondo luminoso (uniformes claros no 2º plano), vs. gamas de ocre e pardos no primeiro plano.
- Soldados: barreira óptica para nos centrar no centro e no perdernos coa paisaxe de fondo.
 - Diagonais enmarcan a escena principal:
 - Grupa do cabalo (dereita) e soldado en escorzo (esquerda) levan o ollo cara ao centro.
- DEREITA:
 - Tropas españolas á dereita do cadro, detrás do cabalo.
 - Aliñadas: disciplina militar.
 - CURIOSIDADE: Picas: non lanzas
 - Catro inclinadas: símbolo do cansazo?
 - Varios soldados ollan directamente ao espectador (autorretrato Velázquez? Pouco probable).
 - Recanto inferior: zona en branco para a sinatura.
- ESQUERDA:
 - Soldados vencidos.
 - Posición máis relaxada.
 - Primeiro plano: xogo de luces e sombras.
 - Riqueza e harmonía cromática.
- FONDO:
 - Paisaxe, antigo campo de batalla
 - Ton suave, pinceladas breves (restos da guerra), cursos de auga. Cores moi diluídas.
 - Fumaredas agrisadas, sobre todo no lado esquerdo.

- Dereita: interrompido polas picas.
- Perspectiva aérea: fondos verdes e azuis prateados.
- Liña de horizonte moi elevada, para poder facer visibles as fortificacións da cidade e o movemento das tropas.

- **TÉCNICA:**

- Pincelada áxil na paisaxe, compacta nas personaxes e cabalos do primeiro plano.
 - Multiplicidade de recursos.
 - Utilización de luces e sombras.
- Converteuse no prototipo de pintura de historia, seguido por outros pintores.

5. As Meninas

<https://www.museodelprado.es/coleccion/obra-de-arte/las-meninas/9fdc7800-9ade-48b0-ab8b-edee94ea877f>

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** As Meninas ou A Familia de Felipe IV.
- **LOCALIZACIÓN:** Museo do Prado, Madrid.
- **AUTOR:** *DIEGO VELÁZQUEZ* (1599 - 1660).
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** Histórica; retrato de familia real.
- **ESTILO:** *BARROCO. Última fase en Madrid, tras a 2ª estadía en Roma.
- **CRONOLOXÍA:** 1656. s. XVII.
- **COMITENTE:** faise por vontade do pintor.
- **DIMENSIÓNS:** 310 X 276 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** O que vemos no cadro é a escena que verían os reis ao entrar no cuarto . É unha instantánea; o tempo detido ao entrar os monarcas .
 - Velázquez capta o ambiente e a atmosfera do interior do cuarto; non hai cerimonia oficial do protocolo.
- **OUTRAS OBRAS:** A vella fritindo ovos; O augadeiro de Sevilla, As Lanzas, A fragua, As Meninas, A Venus do espello.
- *A Familia de Filipe IV*, mais coñecida coma as *Meninas*.
- Obra mestra de Velázquez.

- Rematada en 1656, 4 anos antes da súa morte, época onde pinta pouco mais obras excepcionais, como esta e *As Fiandeiras*.
- VELÁZQUEZ organizaría a cerimonia de entrega da infanta María Teresa, filla de Felipe IV, a Luís XIV de Francia, para selar con este matrimonio a Paz dos Pirineos de 1659. Fora nomeado cabaleiro da ORDE de SANTIAGO en 1658-59, momento no que pintaría a cruz no cadro; morreu pouco despois, 1660, en Madrid
- Talento pictórico e aspiracións de Velázquez coma artista.

Descrición

Grupo de persoas nunha estanza de palacio. Escena complexa.

- Esquerda: pintor, autorretrato pintando un cadro.
- Primeiro plano: grupo coa infanta Margarita, damas de honor (*Meninas*: Agustina Sarmiento e Isabel de Velasco).
- Á dereita, dúas personaxes da corte, acompañantes do séquito.
- Detrás: zona debilmente iluminada, Marcela de Ulloa (dama encargada das Meninas) e unha personaxe non identificada.
- No fondo, José Nieto, apousentador da raíña.
- Pared: espello con Filipe IV e a raíña Mariana de Austria (*Matrimonio Arnolfini*, da colección de Filipe IV).

Análise

Considérase a GRAN OBRA MESTRA do pintor do Século de Ouro español.

- Desafío intelectual que supera pintura de grupo ou autorretrato, ou retrato.

"Pura representación".

- O cadro é un retrato de grupo nun interior: Nunha sala do antigo Alcázar dos Austrias en Madrid, Velázquez retrátase pintando un gran lenzo.
- Xogo misterioso: **Que se está pintar?**
 - A infanta, coa presenza dos reis.
 - Os monarcas, e vemos a presenza na sala.
 - **Autorretrato con Filipe IV:**
 - Proximidade ao monarca. Mesmo o rei está presente no proceso de creación.
 - Reclamar posición elevada. Nobreza da pintura, intelectual, non só traballo manual.
 - Pincel e cruz de Santiago (engadida, aínda non era Cabaleiro da Orde de Santiago).
 - Cadros de fondo: *Minerva e Aracne*, de Rubens, e *Apolo e Pan*, de Jacob Jordaens, reivindicación da dignidade da pintura.
- Momento en que movemento parece paralizarse:
- Xogo de olladas e acenos das personaxes, cara a onde se atoparían os reis, reflectidos no espello (e o espectador).
- Interpretación:
 - Instantánea onde todas as persoas paran cando entran os monarcas:
 - Velázquez deixaría de pintar e volve a cabeza cara a eles.
 - A infanta Margarita, mira á fronte, cara a seus pais.
- **TÉCNICA E COMPOSICIÓN:**
 - **SENSACIÓN DE ESPAZO** E AMBIENTE: luz e perspectiva aérea.
 - **PROFUNDIDADE:**
 - Recursos lineais e atmosféricos
 - Figuras en diferentes planos e emprega liñas de perspectiva.
 - Foco de luz contrastado da porta do fondo (punto de fuga).
 - Esfuma contornas de figuras máis afastadas.

- Vese na parella de figuras de 2º plano
- Ilusionismo barroco: confunde arte e realidade.
- **LUZ:**
 - Incide directamente sobre figuras **primeiro plano** (luz da xanela da dereita do cadro).
 - Fai resaltar grandes manchas de branco de 1º plano, con toques de vermello e verde nos traxes.
 - **2º plano.** Penumbra. 2 personaxes.
 - **3º plano.** Fondo: entran raios de luz branca forte.
 - Contrastes luz - sombra dan ilusión de espazo, realizado opticamente coa degradación e esvaecido de obxectos e contornas canto máis imos cara ao fondo.
- **COR:**
 - Pintado sobre unha preparación de cor ocre claro, cunha paleta na que predominan os brancos, os tons marróns e negros nos traxes, e vermello. Tons escuros no fondo.
- **PINCELADA:**
 - Pincelada solta e áxil.
 - Rostros e figuras dos gardadamas presentan o esvaecido, visión borrosa, propia en Velázquez, menos acentuada, en Maribárbola e Nicolasillo, en 1º plano.
 - Admirará os impresionistas, efectos da luz (Renoir, Monet).
 - Detalles da roupa da infanta.
- Obra de gran tamaño, pensada para ser vista de lonxe:
 - *Trompe l'oeil:*
 - Cadro moi grande, case tamaño real, inclúe teito e paredes; créase a idea de ambiente.

- Crear a sensación que entramos no espazo, no lugar dos monarcas, entrando en diálogo co cadro.
- Crear a sensación de que corre o aire entre as personaxes.
- **COMPOSICIÓN:**
 - Predominan liñas horizontais: chan, marcos dos cadros, escaleiras.
 - Verticais: piares da dereita, porta, marcos e lateral do lenzo.
 - DIAGONAIS sutís:
 - Corpos inclinados cara ao centro das 2 *meninas*.
 - Movemento do neno da dereita.
 - Miradas das *meninas* cara a infanta.
 - EQUILIBRIO DE VOLUMES a ambos lados.
 - Sensación de serenidade.
 - Centro a infanta.
 - 6 retratos en 2 grupos, o que rompe a monotonía (fará o mesmo Goya na familia de Carlos IV).

Grande influencia cando se colocou no Prado, onde destacan Goya e Picasso.